



1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Movemento
DISCIPLINA	Expresión Corporal I
TITULACIÓN	Título Superior en Arte dramática
ESPECIALIDADE	Interpretación
ITINERARIO	
CURSO	2º (1º cuatrimestre)
CRÉDITOS ECTS	5
CARÁCTER	Obrigatorio
DEPARTAMENTO	Interpretación
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	Noelia Blanco
DOCENTES	<p>Nome e apelidos: Alba Blanco Dorrego</p> <p>Horario titorías: https://esadgalicia.com/profesorado/</p> <p>Despacho: D2</p> <p>Contacto: albagesto@edu.xunta.gal</p>
DESCRICIÓN	Emprego das ferramentas técnicas na creación escénica a partir das linguaxes corporais. Análise do movemento e da súa significación.
COÑECEMENTOS PREVIOS	É fundamental ter aprobadas Movemento Expresivo I e Movemento Expresivo II para o aproveitamento da disciplina.
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input checked="" type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Portugués <input type="checkbox"/>

2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T9	Integrarse adecuadamente en equipos interdisciplinarios e en contextos culturais diversos.
T11	Desenvolver na práctica profesional unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, medioambiental e cara á diversidade.
T15	Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X1	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.
X2	Comprender psicolxicamente e empatizar para entender e sentir as vidas, situacións e personalidades alleas, utilizando de maneira eficaz as súas capacidades de imaxinación, intuición, intelixencia emocional e



	pensamento creativo para a solución de problemas, desenvolvendo a súa capacidade para pensar e traballar con flexibilidade, adaptándose ás demais persoas e ás circunstancias cambiantes do traballo, así como a conciencia e o uso saudable do propio corpo e o equilibrio necesario para responder aos requisitos psicolóxicos asociados ao espectáculo.
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE	
EI1	Dominar os recursos expresivos necesarios para o desenvolvemento de procesos de interpretación, actuación e representación, no ámbito escénico e audiovisual.
EI2	Participar na creación da partitura escénica e/ou personaxe, escénico ou audiovisual, e interpretalo adecuadamente, a través do dominio das diferentes técnicas interpretativas .
EI5	Concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Ampliar os recursos corporais expresivos e creativos do alumnado.	T1, T3, T7, T8, X1, X5, X6, EI1, EI5
2. Potenciar a conciencia psicofísica en escena a partires dos principios do comportamento escénico.	T1, T11, T15, X1, X2, X3, X5, X6, EI1, EI2, EI5
3. Facultar para a creación e interpretación de partituras de movemento en base a programas específicos de traballo.	T1, T3, T15, X1, X5, X6, CI1, EI1, EI2, EI5
4. Experimentar a través de distintas técnicas expresivas procesos creativos que partan do corpo en escena.	T9, X1, X2, X3, X5, X6, EI1, EI5
5. Dotar de ferramentas de análise do movemento e da acción.	T8, T9, X1, X3, X6, EI1, EI5
6. Exercitarse na comprensión do poder significativo do corpo na dramaturxia actoral.	T1, T3, X1, X3, X5, X6, EI1, EI2, EI5
7. Asimilar fundamentos conceptuais e metodolóxicos cara á creación de dramaturxias corporais.	T1, T3, T7, T8, X1, X2, X3, X5, X6, EI1, EI2, EI5
8. Adquirir capacidade analítica e crítica e compromiso ético no contexto colectivo.	T3, T7, T8, T15, X1, X2, X3, X5, X6, EI1, EI2, EI5
9. Potenciar a sensibilidade artística na experimentación de procesos creativos, fundamentados no corpo como medio expresivo.	T7, T8, T9, X1, X2, X3, X5, X6, EI2, EI5



4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Adestramento e análise do movemento. (Bases físicas).	1.1 Estudo do movemento orgánico 1.2 Anatomía aplicada o movemento	6
2. Afondamento das bases expresivas e os seus procesos.	2.1 Factor expresivo: Forza 2.2 Factor expresivo: Tempo 2.3 Factor expresivo: Espazo	10
3. Temas expresivos	3.1 O Camiñar 3.2 Abstracción do movemento	10
4. Aproximación á construción física da personaxe.	4.1 Esquema corporal 4.2 Relacións intracorporais derivadas do camiñar na construción do esquema físico da personaxe. 4.3 As oito accións básicas do esforzo por Rudolph von Laban. Resonancias e aplicación a composición física da personaxe.	4
TOTAL SESIÓNS		30

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introdutorias	2		2
Exposición práctico-teórica	3		3
Práctica individual	20	20	40
Práctica colectiva	20	16	36
Resolución de problemas	10	10	20
Prácticas de laboratorio	10	10	20
Actividades complementarias	4	4	8
Debates	9		9
Tutorías individuais	1		1
Tutorías de grupo	1		1
Actividades de avaliación. Probas			
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	10		10
Actividades de avaliación. Revisión			
TOTAL	90	60	150
PORCENTAXE	66 %	33 %	100 %

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSEÑANZA E APRENDIZAXE	
Actividades	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto cos estudantes para a creación de grupo, des-hinibición, presentación e achegamento á materia.
Exposición práctico-teórica	Exposicións por parte do docente sobre as bases teóricas e prácticas así como das directrices de traballo.



Prácticas individuais e colectivas	Os estudantes desenvolven exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión da ou do profesorado. Poden estar vinculadas o desenvolvemento de actividades autónomas do estudante.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.
Prácticas de laboratorio	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo.
Actividades complementarias	Actividades de visionado de espectáculos e de saída do espazo académico para traballar ou ver obras en vivo e en directo ou exposicións de arte.
Debates	Charla aberta entre estudantes e docente. Pode centrarse nun tema dos contidos da materia, na análise dun caso, no resultado dun proxecto, exercicio ou problema desenvolvido.
Tutorías	Actividade de asesoramento sobre actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.
Presentacións/Exposicións	Presentación e exposición dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto práctico, teórico ou teórico-práctico. Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.

7. ATENCIÓN PERSONALIZADA

Seguimento	Farase un seguimento personalizado integrado no traballo conxunto do grupo, facendo unha análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística do xeito máis adecuado. <i>Tutoría presencial</i> : O alumnado ten un período de atención personalizada en horario non lectivo.
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inquedanzas que xurdan en cada caso. <i>Tutoría electrónica</i> : O alumnado pode manter contacto permanente co profesor a través do correo electrónico.

8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN

8.1 Avaliación ordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Actividades prácticas. - Práctica diaria na clase: Participación na práctica diaria de clase, composta por procesos de traballo corporal conducidos polo profesor para o descubrimento das ferramentas expresivas e comunicativas: - Probas prácticas: Probas prácticas finais como	EI1,EI2, EI3, EI5, X2,T10,T7,T3	40%



resultado da integración das ferramentas adquiridas.		
<p>Actividades teóricas</p> <ul style="list-style-type: none"> - Participación a partir da reflexión verbal nas clases onde se valorará a comprensión dos coñecementos e a súa capacidade de aplicalos os diferentes contextos. - Probas e traballos teóricos: - Memoria reflexiva da aprendizaxe - Lecturas e traballos escritos sobre libros e artigos da bibliografía. - Reflexións escritas sobre a experiencia da práctica na clase u outra actividade teórica. - Exames escritos u orles sobre os fundamentos teóricos da asignatura. 	EI1, X3,X5, X1, T1,	40%
Memoria/ Proba	EI1, X3,X5, X1, T1,X1,X8	20%
8.2. Avaliación extraordinaria		
<i>O alumno deberá establecer unha comunicación previa co docente, mínimo seis semanas antes da data do exame, para aclarar e concretar a estrutura e as particularidades do seu exame.</i>		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
<p>Probas prácticas:</p> <p>Presentación de tres exercicios prácticos a presentar: individual, parella e grupo de mínimo tres 50% persoas, sobre diferentes aspectos da asignatura e utilizando procedementos de improvisación. Será requisito indispensable concertar unha tutoría ca docente para a asignación do bloque temático e demais instrucións do exame.</p> <p>Incorporación a práctica das propostas</p>	EI1,EI2, EI3, EI5, X2,T10,T7,T3	50%



da profesora		
<p>Probos escritos: Entrega dun traballo a modo de análise e memoria sobre cada exercicio práctico 20% presentado. A memoria deberá presentarse impresa. Extensión mínima 10 páxinas. Tamaño de letra Times Román 12, interlineado sinxelo. Cada exercicio terá a súa memoria correspondinte. Examen teórico verbal ou escrito a elección da docente, composto por 10 preguntas sobre os fundamentos teóricos da asignatura</p>	EI1, X3,X5, X1, T1,X1,X8	30%
<p>Probos orais: Respostas e defensa as preguntas da profesora sobre os traballos presentados</p>	EI1, X3,X5, X1, T1	20%
8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria		
<i>O alumno deberá establecer unha comunicación previa co docente, mínimo seis semanas antes da data do exame, para aclarar e concretar a estrutura e as particularidades do seu exame.</i>		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
<p>Probos prácticos: Presentación dun exercicio práctico individual sobre o bloque temático que defina previamente a docente. A duración aproximada será de 3 a 5 minutos. Será requisito indispensable concertar unha tutoría ca docente para a asignación de dito bloque. No caso de que dito alumno/a acumule máis do 50% de faltas aplicaranse as ferramentas descritas na avaliación extraordinaria. Incorporación a práctica das propostas da profesora</p>	EI1,EI2, EI3, EI5, X2,T10,T7,T3	50%



Probos escritas: Entrega dun traballo a modo de análise e memoria sobre os exercicios prácticos presentados. A memoria deberá presentarse impresa. Extensión mínima 10 páxinas. Tamaño de letra Times Román 12, interlineado sinxelo. Cada exercicio terá a súa memoria correspondinte	EI1, X3,X5, X1T1,X1,X8	30%
Probos orais: Respostas e defensa as preguntas da profesora.	EI1, X3,X5, X1, T1	20%

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

REFERENCIAS BÁSICAS

FERRARI, H. (2017) *Marta Schinca, precursora del teatro de movimiento. Vol 1. Manual de método Schinca de expresión corporal*. Fundamentos

LABAN. R. (2020) *El dominio del movimiento*. Trad. Rafael Ruiz . Fundamentos.

Cuadernos del Estudio Schinca. Número 0, 1. Editorial: Estudios Schinca Editorial. Madrid 2011.

REFERENCIAS COMPLEMENTARIAS

SHINCA, M. (2011) *Expresión corporal. Técnica y expresión del movimiento*. Wlters Kluwer.

BARBA, Eugenio (1994). *La canoa de papel*. Buenos aires: Catálogos.

BROZAS POLO, María Paz (2003). *La Expresión Corporal en el teatro europeo del siglo XX*. Ciudad Real: Ñaque.

FELDENKRAIS, Moshe (1985). *Autoconciencia por el movimiento*. Barcelona: Paidós.

LECOQ, Jacques (2003). *El cuerpo poético*. Barcelona: Alba editorial.

LONG, Ray (2009). *Las posturas clave en el Hatha Yoga; Una guía anatómica de yoga*. Barcelona: Editorial Acanto.

OIDA, Yoshi y MARSHALL, Lorna (2002). *Los trucos del actor*. Barcelona: Alba Editorial.

RIVERA, Alfonso (2017). *El camino del actor a través del entrenamiento psicofísico*. Madrid: Ed. Antígona.

RIVERA, Alfonso (2019). *Teatro físico: la revolución de las formas*. Madrid: Ed. Fundamentos.

RUIZ, Borja (2008). *El arte del actor en el siglo XX. Un recorrido teórico y práctico por las vanguardias*. Bilbao: Artezblai.

10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS

Esta programación está suxeita a modificacións pedagóxicas por parte da docente en base a progresión do alumnado .
As sesións poderán gravare en vídeo como ferramenta exclusiva para a avaliación por parte da docente e recurso na

aula para a análise de visionados.

A asistencia diaria e a puntualidade son condicións indispensables para a correcta avaliación do alumno. O 10% de faltas supón a perda de avaliación. A impuntualidade reiterada considerase falta de asistencia non xustificada (Salvo xustificante médico)

O alumnado entrará en clase xa en roupa de traballo podendo utilizar os vestiarios ou aseos do edificio para cambiarse de roupa antes e/o despois da sesión.

O alumnado poderase comunicar coa profesora a través de email ou canles oficiais, utilizando este mesmo medio para solicitar unha tutoría.